

Mugardos, 15 de xuño de 2023

Prezadas familias:

Poñémonos en contacto con vostedes para lles ofrecer informacións sobre o final do curso como a avaliación, cualificacións e matrícula. En primeiro lugar, comunicámolles que as actividades lectivas rematarán o vindeiro mércores, 21 de xuño. Tamén remata ese día o servizo de transporte e o prazo de presentación de solicitude de participación no fondo solidario e axudas para adquirir libros de texto.

As cualificacións publicaranse en AbalarMóviles ao longo da mañá do día 23 de xuño. Advertimos que na aplicación informática poden faltar datos como as decisións de promoción ou titulación e carece doutra documentación importante como o consello orientador. A entrega dos boletíns de notas entregárase presencialmente ese mesmo día 23 de xuño. O alumnado pode vir acompañado polos seus pais e nais. Lembrámoslle, asemade, que non existe transporte escolar para ese día.

Venres, <b>23 de xuño</b>  <i>Publicación de cualificacións en AbalarMóviles</i>	10:30 horas..... Entrega de notas 2.º Bacharelato
	11:00 horas..... Entrega de notas 1.º Bacharelato
	11:30 horas..... Entrega de notas ESO e FPB
	Revisión de exames e atención a pais e nais

O prazo legal de reclamacións abrangue os días 26 e 27 de xuño, desde as 10:00 ata as 14:00 horas, por escrito na secretaría do centro. No caso de desexar falar ou revisar algunha proba de avaliación poderá solicitalo directamente ao profesorado ou comunicalo a xefatura de estudos.

No caso de promoción de curso, entregárase ao alumnado os sobres de matrícula coa documentación necesaria que debe formalizarse entre o 23 de xuño e o 7 de xullo. Como en cursos anteriores, para facilitar a xestión e atención ao público na secretaría do centro. No documento achegad, sinalamos as datas de matrícula preferente por niveis.

Por se resulta do seu propio interese ou coñecidos, é para nós un pracer informar que para o vindeiro ano ampliamos a oferta educaciva do centro cun ciclo de Formación Profesional de grao medio de Xardinaría e Floraría para persoas adultas en réxime dual, é dicir, compartido coa formación en empresas do sector.

Para rematar, a dirección do centro quere agradecerlles ás familias todo o seu esforzo e cooperación ao longo deste curso. As nosas portas física e dixitais permanecen abertas na procura da mellora permanente do servizo educativo do IES de Mugardos.

Serafín Álvarez

Director do IES de Mugardos

Tel.: 881 938 200

[ies.mugardos@edu.xunta.gal](mailto:ies.mugardos@edu.xunta.gal)**FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

O curso 2023-2024 terán continuidade os seguintes programas oficiais:

- Fondo solidario de libros de texto: 3.º e 4.º ESO
- Axudas para adquirir material escolar: toda a ESO

As condicións de renda e contías poden consultarse na páxina do instituto ou da Consellaría de Educación, vía Sede Electrónica no procedemento ED330B. O prazo de presentación remata o 21 de xuño.

**DEVOLUCIÓN DE LIBROS DE TEXTO**

Un dos requisitos imprescindibles para recibir as axudas dos programas oficiais é a de devolver os libros de texto adquiridos coas axudas do ano pasado. Para facilitar a devolución, recolleremos todos os libros de texto durante toda a vindeira semana, do 19 ao 23 de xuño. Para iso pregamos que os depositen na conserxaría dentro dunha bolsa co nome do alumno ou alumna no exterior.

**DEVOLUCIÓN ORDENADORES E-DIXGAL (1.º e 2.º ESO)**

O alumnado de 2.º ESO que aprobe todo en xuño deberán entregar o equipo no centro en perfectas condicións (co seu correspondente maletín e cargador de batería) antes do 30 de xuño e asinar o documento achegado polo centro. Estableceranse varias quendas para o día 23 xunto coa entrega das notas.

O alumnado de 1.º ESO disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións. Só deberán entregalo no caso non continuar estudos no centro o vindeiro curso.

**BANCO DE LIBROS (ANPA O Castro)**

Á parte destes programas oficiais, seguirá funcionando o Banco de Libros da ANPA dirixido a todas as familias, especialmente con alumnado en Bacharelato, e que voluntariamente queiran entregar e recibir libros de texto.

Ver documento anexo.

**AXUDAS CONCELLO DE MUGARDOS**

O Concello de Mugardos adoita realizar a convocatoria anual de axudas para o ensino e o transporte con dúas quendas de solicitude: unha en xullo e outra en setembro.

**BOLSAS DE ESTUDO (Bacharelato. FP Básica)**

A solicitude de bolsas de estudos do Ministerio de Educación para o curso 2023-2024 xa rematou o pasado mes de maio. As familias deberán estar atentas á súa tramitación e aprobación. No mes de setembro deberán entrar de novo na aplicación informática para confirmar ou cambiar algúns datos académicos.

**LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO**

A listaxe de libros de texto por materias e cursos estará dispoñible na secretaría e na páxina web do centro a partir do 26 de xuño.

Adiantámoslle que haberá cambios importantes en 4.º ESO e 2.º Bacharelato.

Documentos achegados:

- Comunicado da ANPA O Castro sobre o Banco de Libros
- Calendario Xeral *Fin de Curso*